



Vocabulario dos deportes náuticos

Partes do casco

Proxecto: No meu mar,
na miña lingua

Termo	Definición
Aleta	Parte curva dos costados do barco nas proximidades da popa.
Amura	Parte curva dos costados do barco, nas proximidades da proa.
Babor	Parte esquerda da embarcación, mirando de popa a proa.
Banda	Cada un dos laterais en que se divide a embarcación simetricamente, respecto ao plano lonxitudinal.
Barraganete	Apoio vertical da amurada colocado sobre a cuberta como prolongación da caderna.
Borda	Bordo ou varanda superior de cada un dos costados do buque.
Caderna	Peza curva que se apoia na quilla e serve para darlle forma ao casco.
Cornamusa	Peza de metal ou madeira encorvada nos extremos e fixa no seu punto medio que serve para amarrar os cabos dos buques.
Costado	Cada un dos lados do buque, medido dende a borda ata a liña de flotación.
Eslora	Lonxitude do barco, medido de proa a popa..
Estribor	Parte dereita da embarcación, mirando de popa a proa.
Fondo	A parte máis baixa ou máis profunda dun barco cuberta pola auga.
Forquita	Peza de metal que remata nun dos dous extremos en dúas puntas que forman un semicírculo no que se enganchan o remo ou o rastro, impedindo que estes caian. Tamén se utiliza nas embarcacións tradicionais para apoiar o mastro e a percha cando non navegan a vela. Sin. Galla.
Galla	Peza de metal que remata nun dos dous extremos en dúas puntas que forman un semicírculo no que se engancha o remo ou o rastro, impedindo que estes caian. Tamén se utiliza nas embarcacións tradicionais para apoiar o mastro e a percha cando non navegan a vela. Sin. Forquita.
Gateira	1-Calquera burato na porta, na parede ou na cuberta dunha embarcación. 2- Peza colocada enriba da regala das embarcacións tradicionais, de forma rectangular e cunha fenda no centro en forma de U, que se emprega para guiar por ela o cabo.
Manga	Anchura do barco que, xeralmente se mide á altura do plano da caderna mestra. O valor da manga varía ao longo da eslora xa que os barcos se afinan cara á popa e cara á proa.
Obra morta	Parte visible dunha embarcación cando o barco está en situación de navegación
Obra viva	Parte non visible dunha embarcación cando o barco está en situación de navegación; isto é, a que permanece debaixo da auga
Popa	Parte posterior da embarcación, onde se afirma o temón.
Proa	Parte dianteira da embarcación, que abre o camiño na auga.
Puntal	Altura do barco, medida na perpendicular dende o borde inferior da quilla ata a cuberta.
Quilla	Peza central e inferior do barco, moi sólida, que vai de proa a popa e que serve de base e afianzamento das cadernas do barco. Considérase a columna vertebral do esqueleto do barco.
Regala	Prolongación do casco do buque que sobresaia da cuberta.
Remadoira	Peza trapezoidal de madeira na que van suxeitos os toletes do remo e que evita o desgaste da regala.
Roda	Peza de madeira curva que vai empalmada no extremo anterior da quilla, formando a proa.
Tambuche	Caseta que protexe un zapón ou outras partes das embarcacións.
Tolete	Peza de madeira ou ferro, fixada no bordo da embarcación, que serve para apoiar ou suxeitar o remo.
Varenga	Peza curva que forma a base da caderna.



Vocabulario dos deportes náuticos

Embarcación de vela

*Proxecto: No meu mar,
na miña lingua*

Termo	Definición
Amantillo	Cabo que suxeita e controla a percha do spinnaker.
Baluma	Borde da vela maior máis cercano á popa e que non está fixada nin ó mastro nin á botavara.
Bañeira	Parte aberta da cuberta do barco onde se sitúan os tripulantes e o temoneiro para o goberno da embarcación.
Botavara	Barra de metal ou de madeira á que se suxeita o puxamen da vela maior.
Cana	Panca de madeira ou ferro unida ao temón que permite gobernar o barco dende a bañeira.
Codaste	Peza de aceiro ou de madeira que se levanta perpendicular á quilla no seu extremo de popa e na que se monta o temón.
Crucetas	Brazos de madeira ou ferro colocados a estribor e babor das caras laterais do pau.
Driza	Cabo ou cable que serve para izar unha vela.
Enxarcia	Conxunto de cables e cabos necesarios para manobrar e aparelar o barco. A enxarcia pode ser firme (obenque, estai) ou de labor (drizas e escotas).
Escota	Cabo que se utiliza para controlar as velas en función do rumbo desexado e a dirección do vento.
Espello de popa	Área plana na popa da embarcación na que se dispón a pa.
Estai	Cabo ou cable que suxeita o mastro para evitar que caia cara á popa.
Foque	Vela de coitelo que vai envergada ao estai.
Fogonadura	Orificio na cuberta na que se introduce o mastro. Sin. fura do mastro.
Fura do mastro	Orificio na cuberta na que se introduce o mastro. Sin. fogonadura.
Grátil	Borde da vela maior máis cercano á proa do barco e que está fixada no mastro. Sin. Testa da vela.
Mastro	Barra metálica ou de madeira na que se izan as velas.
Mordaza	Peza en forma de canal con dentes que serve para reter un cabo que se pode liberar facilmente cun só golpe.
Obenque	Conxunto de cables ou cabos que sosteñen lateralmente o mastro.
Orza	Peza metálica ou de madeira que se aplica á quilla dos barcos coa fin de darlle estabilidade e diminuír a deriva. Pode ser fixa ou abatible.
Pasacabos	Guía que serve para pasar as escotas da vela maior e do foque e facilitar o control das mesmas.
Puño de amura	Esquina da vela que queda máis cerca da proa do barco, onde se xunta o puxamen co grátil.
Puño de driza	Esquina da vela correspondente á parte superior da mesma, onde se xunta a baluma co grátil.
Puño de escota	Esquina da vela que queda máis cerca da popa do barco, onde se xuntan a baluma e o puxamen.
Puxamen	Borde inferior da vela maior que está fixada á botavara.
Rizo	Cabo que serve para pregar unha parte da vela permitindo, deste modo, diminuír a superficie vélica en caso necesario.

Sabre	Tira de plástico flexible inserida na bolsa que vai intercalada ao longo da baluma da vela maior. Sin. Tirante.
Spinnaker	Vela lixeira e de forma triangular que se iza para navegar con ventos portantes.
Tangón	Percha móbil que se afirma á cara de proa do mastro para sacar fóra da borda o Spinnaker.
Temón	Peza plana orientable que, colocada na popa do navío, suxeita ao codaste, e cun eixe en sentido vertical, permite virar e gobernar o buque.
Timón	Peza plana orientable que, colocada na popa do navío, suxeita ao codaste, e cun eixe en sentido vertical, permite virar e gobernar o buque.
Tirante	Tira de plástico flexible inserida na bolsa que vai intercalada ao longo da baluma da vela maior. Sin. Sabre.
Foque de tormenta	Vela de proa de pequeno tamaño e grande resistencia, utilizada con mal tempo.
Trapa	Aparello que serve para manter unha percha en posición baixa.
Vela maior	Vela que se iza no mastro maior.
Xénova	Vela foque co puño de escota máis baixo, puxamen máis longo e de maior superficie empregada con ventos frouxos ou moderados.



Vocabulario dos deportes náuticos

Navegación a vela

*Proxecto: No meu mar,
na miña lingua*

Termo	Definición
Abatemento	Desvío do rumbo do buque cara a sotavento por efecto do vento e da mar.
Acuartelar	Orientar o foque máis ao vento deixando o puño deste máis a barlovento.
Adrizar	Poñer dereita a embarcación, por exemplo suprimindo a escora mediante a solta das escotas.
Amarrar	Atar ou suxeitar mediante cordas unha embarcación.
Aparello	Conxunto de paus, cordames e velames dunha embarcación que serven para empurralo coa forza do vento.
Arriar	Afrouxar un cabo para diminuír o seu traballo, é dicir, soltalo pouco a pouco.
Arriar en banda	Soltar completamente un cabo. Afrouxar bruscamente certa cantidade dun cabo que está traballando.
Arribar	Afastar a proa da dirección do vento. Manobrar de maneira que o barco caia a sotavento.
Barlovento	Banda ou costado polo que se recibe o vento.
Bordada	Distancia navegada pola embarcación sen cambiar a orientación das velas, é dicir, é o tramo en que se despraza a embarcación entre viradas.
Cazar	Cobrar ou tirar das escotas das velas. Sin. Chamar polo cabo.
Cinguir	Situar o barco en ángulo pechado respecto da dirección do vento. Sin. Cinxir
Cinxir	Situar o barco en ángulo pechado respecto da dirección do vento. Sin. Cinguir
Chicote	Extremo dunha corda ou dun cabo.
Empopada	Navegación dun buque co vento pola popa.
Envergar	Unir a relinga da vela ao seu respectivo mastro e á súa botavara por medio de envergues. Atar unha vela á súa verga, que se atopa colocada perpendicularmente a diferentes alturas no mastro dos veleiros.
Escora	Inclinación que ten o barco respecto ao plano lonxitudinal, debido ao vento, ao estado do mar ou á mala estiba da carga.
Fondear	Botar o rízón á auga coa fin de parar o barco.
Izar	Subir as velas.
Orzar	Deixar caer a proa cara á dirección do vento.
Refacho	Golpe de vento brusco que se produce debido ao cambio de dirección ou intensidade do vento.
Rolar	Acción na que o vento cambia de dirección sucesivamente.
Sotavento	Dirección cara onde sopra o vento. É o contrario de barlovento.
Trasluchar	Facer que a botavara pase dunha banda a outra do barco mentres se navega con vento de popa.
Virada	Manobra pola cal o barco cambia de amura, e pasa a recibir o vento pola outra banda. Sin. viraxe.
Viraxe	Manobra pola cal o barco cambia de amura, e pasa a recibir o vento pola outra banda. Sin. Virada.
Zarpar	Partir, saír, facerse ó mar unha embarcación.



Vocabulario dos deportes náuticos Remo tradicional

Proxecto: No meu mar,
na miña lingua

Termo	Definición
Bancada dos pés	Táboa onde o remeiro apoia os pés para fixarse ó barco e así poder vogar.
Batel	Pequena embarcación de regatas de banco fixo sen quilla, de feitura longa e estreita, para catro remeiros/as e un patrón/oa.
Cear	Acción contraria a remar.
Ceavoga	Manobra para virar en redondo unha embarcación.
Empuñadura	Parte pola que se agarra o remo para vogar. Sin. guión, puño.
Estrobo	Aro de corda que suxeita o remo ao tolete.
Guión	Parte pola que se agarra o remo para vogar. Sin. empuñadura, puño.
Loitadeiro	Reforzo que ten o remo na parte que apoia na embarcación para evitar o seu desgaste.
Pa	Superficie do remo que entra na auga e serve para impulsar a embarcación.
Pica	Remo de tamaño menor có normal situado na proa e que utiliza o proeiro nas viradas.
Pica patrón	Remo de tamaño maior có normal que o patrón leva na popa facendo a función de temón.
Proeiro	Remeiro que navega no lugar máis achegado á proa da embarcación.
Remar	Mover os remos para propulsar a embarcación obtendo impulso na auga. Sin. Vogar
Temoeiro	Persoa situada na popa da embarcación que é a encargada de conducir e dirixir o rumbo.
Tolete	Cilindro de madeira que está situado na remadoira e serve de punto de apoio á panca do remo.
Traíña	Embarcación de regatas de banco fixo, de feitura longa e estreita, para trece remeiros e un patrón.
Traíñeira	Embarcación de regatas de banco fixo, de feitura longa e estreita, para trece remeiros e un patrón.
Virada	Manobra que realiza o patrón ou patroa da embarcación para cambiar de rumbo ou dirección. Sin. Viraxe
Viraxe	Manobra que realiza o patrón ou patroa da embarcación para cambiar de rumbo ou dirección. Sin. Virada
Vogar	Mover os remos para propulsar a embarcación obtendo impulso na auga. Sin. remar.